

ROGO DE AER SOBRE VÍDEOS REDONDELA TV (Rex.Entrada 27.03.2019, 2019-E-RPLN-10).

PLENO 28 MARZO 2019. ACTA 04/2019

Redondela TV gravou durante un longo período unha serie de vídeos por encargo do Concello, que abarcaban diversas actividades que se realizaban no concello; culturais, deportivas, entrevistas, etc; e que incluía tamén a gravación dos plenos. Todo este material audiovisual debería estar directamente colgado na web do concello de Redondela e ademais, incorporarse ao Arquivo Municipal para que estivese dispoñible para a consulta de xeracións futuras.

Rogamos que o material audiovisual gravado por Redondela TV ata o momento en que o goberno local decidiu de xeito unilateral rescindir con este servizo, sexa solicitado para que sexa incorporado ao Arquivo Municipal e posta a disposición da veciñanza a través da web municipal.

Resposta: O alcalde di que hai vontade do que xestiona Redondela TV para que sexa así. O goberno local non rescindiu unilateralmete, hai unha posibilidade para grabacións dos plenos a través dun procedemento novo.